



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos proceso selectivo de unha praza de Profesor de música (50% xornada). Procedementos de estabilización de emprego temporal.

Núm. Admvo. Expte: 2023/E001/000006

Expte. Decreto Núm.: 2023/G003/000890

Visto o expediente que se tramita para os procesos selectivos correspondente a praza de estabilización de emprego temporal do Concello de Laxe incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, relativa a unha praza de PROFESOR DE MÚSICA, a xornada parcial do 50% aprobada por Resolución de alcaldía núm. 577/2022, de 6 de outubro de 2022, a través do sistema de selección de concurso de méritos, segundo as bases de selección que foron aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 439/2023, de 23 de maio de 2023.

As ditas bases de selección foron publicadas no BOP núm. 100 de 29 de maio de 2023, na sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios; publicándose o anuncio da convocatoria no diario Oficial de Galicia núm. 123, do 29 e xuño de 2023 e no Boletín Oficial do Estado núm. 205, do 28 de agosto de 2023.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e de conformidade coa base 6º das que rexen este proceso selectivo, esta Alcaldía, en uso das facultades que lle están conferidas,

RESOLVE:

PRIMEIRO. Aprobar a lista provisional dos/as aspirantes admitidos e excluídos/as no proceso selectivo antes referenciado, do xeito seguinte:

RELACIÓN PROVISIONAL DE ADMITIDOS:

APELIDOS E NOME	DNI	Exento Proba Galego
García Pose, Víctor Manuel	***2475**	Si
Santalices Blanco, Miguel Emilio	***2714**	Si

RELACIÓN PROVISIONAL DE EXCLUIDOS:

Ningún

A inclusión dos aspirantes na lista provisional de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta administración municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados, que se deberán acreditar segundo o establecido nas bases aprobadas.

SEGUNDO. A lista provisional de admitidos/as e excluídos/as publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal.

De conformidade co disposto na base 5ª das que rexen este proceso selectivo, dispónse dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ó da publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión e presentación de reclamacións.

Dispoñen do mesmo prazo as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na listaxe publicada.

Mándao e asínao en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde D. José Luís Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde
Asdo. José Luís Pérez Añón

A secretaria-interventora
Asdo. Begoña Carrasco García

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)